



SEEC-GALICIA
<http://seecgalicia.org/>
secretaria@seecgalicia.org

PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE SEEC-GALICIA PARA O CURSO 2017-2018

A información máis detallada sobre cada unha das actividades será publicada no seu momento na páxina web de SEEC-Galicia: <http://seecgalicia.org/>

1) OBRADOIROS DIDÁCTICOS

O profesor Fernando Lillo impartirá dous obradoiros didácticos, dirixidos a alumnos de secundaria, bacharelato e universidade. Os obradoiros, de carácter gratuito, serán "Enrólate na lexión romana" e "Roma-Amor: obradoiro de fíbulas e grafitos amorosos". Terán lugar o xoves 8 de novembro de 2017 na Facultade de Filoloxía de Santiago: aula C-07 de 17:30 a 19:00 horas o primeiro, e aula B-13 de 19:15 a 20:15 o segundo. Dadas as limitacións dos espazos (20 alumnos máximo), os interesados en asistir deben inscribirse enviando un correo a secretaria@seecgalicia.org antes do 31 de outubro e indicando no asunto "obradoiros didácticos"; confirmarase aos inscritos a admisión.

Celebraranse tamén obradoiros didácticos varios no marco da celebración do *Dies librorum* e dos *Ludi Compostellani* (véxanse actividades 6 e 7).

2) XI EDICIÓN DO CONCURSO ODISEA

A primeira fase do concurso celebrarase previsiblemente, como vén sendo habitual, no mes de febreiro de 2018. O tema desta edición será "A morte en Grecia e Roma".

3) CERTAMEN CICERONIANUM

Terá lugar no mes de marzo de 2018.

4) PROBA DE GREGO PARNASO

Celebrarase no mes de abril de 2018.

5) XVII FESTIVAL DE TEATRO GRECOLATINO

O programa, lugar e datas son os seguintes (nótese que respecto ao programa adiantado hai uns días houbo que cambiar o día das sesións previstas para A Coruña):

LUGO

5 de marzo (luns)

12:00 horas: *Edipo Rey* de Sófocles, SV Producciones de Madrid

17:00 horas: *Cásina* de Plauto, SV Producciones de Madrid

6 de marzo (martes)

12:00 horas: *Hécuba* de Eurípides, Grupo Noite Bohemia de A Coruña

17:00 horas: *Miles gloriosus* de Plauto, Grupo Noite Bohemia de A Coruña

A CORUÑA

14 de marzo (mércores)

12:00 horas: *Electra* de Eurípides, Grupo El Ruiseñor de A Coruña

17:00 horas: *Gemelos* de Plauto, Grupo El Ruiseñor de A Coruña

OURENSE

9 de abril (luns)

12:00 horas: *Troyanas* de Eurípides, Grupo Noite Bohemia de A Coruña

17:00 horas: *Anfitrión* de Plauto, Grupo Noite Bohemia de A Coruña

10 de abril (martes)

12:00 horas: *Electra* de Eurípides, Grupo El Ruiseñor de A Coruña

17:00 horas: *Gemelos* de Plauto, Grupo El Ruiseñor de A Coruña

6) IV XORNADA CLÁSICA: *DIES LIBRORUM*

Con motivo do día do libro (23 de abril) celebrarase na Facultade de Filoloxía unha xornada con obradoiros, xogos e recital de lecturas.

7) IV OLIMPIADA DE TRADUCCIÓN DE TEXTOS CLÁSICOS

A data previsible de celebración da proba será o xoves 5 de abril de 2018.

O día da entrega de premios será probablemente o xoves 26 de abril de 2018. Ao longo dese día terá lugar tamén a terceira edición dos *Ludi Compostellani* con varios obradoiros didácticos e outras actividades.

8) VIAXE A ITALIA

Terá lugar previsiblemente na semana de Entroido de 2018 (10-17 de febreiro) cun programa similar ao do ano 2016; na última semana de outubro publicarase na páxina web toda a información. Como sempre, esta viaxe está pensada prioritariamente para profesores e os seus alumnos de secundaria e de bacharelato das materias impartidas polos departamentos de Grego e Latín.

9) XORNADAS DE CULTURA E LINGUAS CLÁSICAS

Prevese a realización na primeira semana do mes de xullo de 2018 dunhas xornadas sobre didáctica da cultura e das linguas clásicas, na que se poidan compartir propostas e experiencias.